# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 4 de AGOSTO de 2023 (1524/1102)

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día cuatro de agosto de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(640).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta das sesións extraordinarias e urxentes do 24 e do 27 de xullo de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(641).- SUBVENCIÓN A FAVOR DE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L. EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO "FESTIVAL O MARISQUIÑO 2023". EXPTE. 9708/335.**

Visto o informe xurídico do 28/07/2023 e o informe de fiscalización do 31/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegade de Deportes, a

concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 9708/335 sobre a proposta de subvención a favor da entidade Ulisesproyect eventos especiales slu, para a organización do Festival O Marisquiño 2023, e atendendo á detección dun erro na identificación da aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto, procedeuse a eliminar as referencias á aplicación 3380.4700000 da proposta.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada.

**1.- ANTECEDENTES**

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo.

Con data 21/03/23 a entidade UlisesProyect achegou a solicitude de subvención a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 230072846).

Con data 23/03/23, o Concelleiro de Participación Cidadá e Festas resolveu o inicio da tramitación do expediente de subvención pola organización do Marisquiño 2023.

Con data 26-29/05/23, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do Marisquiño 2023, cuxo obxecto foi establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais, e que estableceu un financiamento por importe de 180.000,00€ por parte da Deputación de Pontevedra (Expte. 9683/335).

Concello de Vigo

O crédito necesario consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3380.470.0001, no orzamento da Concellería de Festas do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de Vigo con carácter definitivo o 23 de decembro de 2022 (https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica23_subvencions.php?lang=cas#/).

O Pleno do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria celebrada o 09/06/23, aprobou de forma definitiva a modificación de crédito financiada co recurso financeiro RTLGG/2022 (Expte. 9705/335) nº 40/2023 por importe de 540.000,00€. A dita modificación, tal e como detalla a xefatura da Concellería de Festas no seu informe de data 27/03/23, foi motivada polo aumento dos gastos non previstos inicialmente que supón o traslado do Festival a unha nova ubicación (Entorno de Samil) en concepto de infraestruturas e produción, loxística e seguridade, ou o acondicionamento do novo espazo da Porta do sol para a batalla de Gallos, en conceptos de acondicionamento do espazo, novas infraestruturas e seguridade.

Con data 15/06/23, a xefa do servizo de festas e o Concelleiro de participación cidadá e festas asinaron a memoria xustificativa do interese municipal na tramitación dunha subvención a favor de Ulisesproyect eventos especiales SLU, pola organización do Marisquiño 2023.

Con data 03 de xullo de 2023 o Alcalde da cidade de Vigo resolveu, mediante Decreto, delegar na Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de emprego, fondos europeos, patrimonio, medio ambiente, educación, deportes e xuventude, en materia de deportes, a “Dirección e xestión do Marisquiño”, polo que a partires dese momento é o Servizo de deportes o competente para continuar coa tramitación do expediente de subvención.

En relación co que vai dito, a entidade Ulisesproyect eventos especiales slu solicitou ó Concello de Vigo con data 21/03/2023 (implementada o 21/07/2023) unha subvención en relación á proposta de celebración na cidade de Vigo, no marco do programa de Festas de Vigo 2023, do Festival O Marisquiño, para o que conta coa exclusividade segundo se deriva da documentación obrante no expediente.

A entidade acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e turístico, e unha ampla difusión en medios de comunicación. Xunto coa solicitude de subvención a entidade presentou a seguinte documentación:

| Documento | Data | Trámite | Documento Xestión. |
|---|---|---|---|
| Anexos solicitude de subvención e orzamento definitivo e declarac. Responsable. | 24.07.23 | 79 | 230220513 |
| Orzamento desglosado por conceptos asinado | 26.07.23 | 87 | 230221439 |
| Memoria-proxecto definitivo | 26.07.23 | 87 | 230221439 |
| Certificados de ausencia de débedas con AEAT, ATRIGA, S.S. | 21.03.23 | 4 | 230072846 |
| Certificados de ausencia de débedas co Concello | 30.03.23 | 12 | -- |
| Declaración responsable exclusividade | 05.05.23 | 18 | -- |
| DNI Administrador | 21.07.23 | 73 | 230220188 |
| CIF | 21.07.23 | 76 | 230220193 |
| Certificación conta bancaria | 21.07.23 | 76 | 230220193 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Certificación exclusividade organizacións internacionais | 21.07.23 | 76 | 230220193 |
| Copia Escritura nomeamento Administrador único | 21.07.23 | 73 | 230220188 |
| Convenio coa Deputación de Pontevedra cofinanciamento | 15.06.23 | 24 | -- |
| Copia acordo xgl Concello Convenio Deputación Pontevedra cofinanciamento | 15.06.23 | 25 | -- |
| Copia acordo xgl Diput. Convenio Deputación Pontevedra cofinanciamento | 15.06.23 | 26 | -- |
| Informe Preliminar xefe servizo deportes. | 19.07.23 | 59 | -- |
| Requirimento información a concellería festas | 19.07.23 | 60 | -- |
| Informe sobre doc. Xefa servizo de contratación | 21.07.23 | 75 | 230218337 |

O gasto global derivado do proxecto deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 1.492.000,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O obxectivo deste tipo de proxectos de subvencións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

–Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
–Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
–O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
–Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de subvención fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, CIF B-36.957.132, vén realizando a organización do programa “O Marisquiño”, de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos cun gran éxito organizativo e de aceptación cidadán que conta cunha grande afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

O Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das Festas de Verán 2023, que se desenvolve entre os meses de xuño e setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural e deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

Nos seus 22 anos de historia, o Marisquiño posicionouse como un Festival de cultura urbana e deportes de referencia a nivel internacional. O Festival centra a súa acción ao redor da cultura e o deporte, a públicos diversos en idade, con mais de 10 competicións de alto nivel, concertos, actividades culturais e educativas, en espazos ao aire libre.

Na derradeira edición acreditouse unha asistencia por encima das 180.000 persoas nos tres días de festival, cunha audiencia global de millóns de persoas de mais de 30 países, o que converte ó festival nun referente non só deportivo, senón turístico.

O Festival, así mesmo, prevé a participación de entre 1.300 e 1.500 riders do mais alto nivel competitivo e talla mundial, provenientes de países como Estados Unidos, Francia, Portugal, Venezuela, Colombia, Alemania, Nueva Zelanda, Xapón, e gran parte dos países europeos.

O Festival contará coa celebración de tres probas do calendario Internacional, como son la World Cup Skateboarding (Skate), a competición de Basket 3x3 (integrado no calendario FIBA) e o Dirt Jump (integrado na World Tour da FMB mundial categoría Oro.

Ademáis o Break dance, que será olímpico nos xogos de París 2024, incrementa o interese no campionato desta modalidade na cidade.

Xunto coas competicións deportivas, o festival desenvolve unha serie de actividades que xiran en torno á cultura urbana, o arte urbano e a música.
O Marisquiño inclúe entre as súas actividades unha programación musical, que reunirá a 4.000 persoas cada noite ao redor de actuacións musicais centradas nos estilos urbanos, pop, trap, electrónica....

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo, destacando, como valor promocional engadido, con máis de 75.000 usuarios únicos na web do festival, máis de 8.000 seguidores en Twitter, con 500K impresións e 40K interaccións, 2.000 seguidores en youtube, con máis de 600 horas de visualizacións, máis de 40.000 seguidores en facebook, cun alcance de 750K, 60K interaccións e 300K reproduccións, 40.000 seguidores en instagram, con 111K visitas ao perfil, 3.5M de impresións e 85K interaccións, 1.3M de reproducións e mais de 190 stories publicadas, 8.500 seguidores en tiktok con mais de 250K Likes e mais de 3,3M de reproducións.

Estes datos reforzan de forma absoluta a relevancia do festival a nivel internacional, cuns datos de audiencia e interese extraordinarios.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro:.- A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover*

*actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo-cultural considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo e a celebración de grandes eventos de talla internacional.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e se atopa detallada no orzamento da Concellería de Festas do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de forma definitiva o 23 de decembro de 2022 (E unha modificación orzamentaria aprobada polo Pleno do Concello de Vigo con data 09/06/23-Expte 9705-335), o que xustifica que se conceda directamente. A súa concesión canalizase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

Proponse que ata o 50% do importe total da subvención proposta poda ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento

das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Segundo.-** A competencia para a resolución deste expediente corréspondelle á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g da LBRL).

3.- PROPOSTA DE ACORDO:

En virtude do exposto, formúlase a seguinte proposta de acordo, para a súa remisión á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización pola intervención do Concello de Vigo.

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de concesión dunha subvención a favor de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, CIF nº B-36.957.132 para o desenvolvemento do do Festival “O Marisquiño 2023”, de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 1.140.000,00€. a favor da entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, CIF nº B-36.957.132 e enderezo social na avenida de Castrelos nº 29 Vigo, segundo resulta da documentación do expediente nº 9708-335. Este crédito é con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 do orzamento en vigor da Concellería de Festas.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO**

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2023”

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona ELENA ESPINOSA MANGANA, na súa calidade de Concelleira-Delegada da área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude dos decretos da Alcaldía de 20 e 28 de xuño e 3 de xullo de 2023.

Doutra, don CARLOS DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ, como propietario único da sociedade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, CIF nº B-36.957.132 e enderezo social na avenida de Castrelos nº 29 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da escritura de constitución da sociedade que figura na documentación do expediente nº 9708-335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Que a marca "O Marisquiño" se atopa rexistrada na Oficina española de Patentes y Marcas a nome de D. Carlos Domínguez Fernández.

**II.-** A entidade Ulisesproyect Eventos especiales SLU, empresa da que é propietario único D. Carlos Domínguez Fernández, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca "O Marisquiño" (segundo as súas propias manifestacións) e ten por obxecto social, entre outros, a realización e promoción de toda clase de eventos deportivos e culturais.

**III.-** Esta entidade vén organizando nos últimos anos o festival "O Marisquiño", na cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos nos Anexos deste Convenio.

**IV.-** A exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

**V.-** O Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das Festas de Verán 2023, que se desenvolve entre os meses de xuño e setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**VI.-** Que con data 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do festival "O Marisquiño 2023" (expediente 9683/335). Con data 19 de maio de 2023 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o mesmo texto do convenio co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do festival "O Marisquiño" importe de 180.000,00 euros.

O texto do antedito convenio foi asinado con data 26 de maio (*achéganse ao expediente copias dos respectivos acordos e mais do texto do convenio asinado*).

**VII-** Que estabeleceuse que a execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao servizo de Deportes, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución do correspondente evento.

**VIII.-** Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 1.140.000,00 (un millón cento corenta mil) euros, para a organización de o festival "O Marisquiño 2023".

**IX.** Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida sociedade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**X.-** Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3380.470.0001 que prevé a concesión dunha subvención directa por importe de 1.140.000,00 (un millón cento corenta mil) euros, para convenio "O Marisquiño", xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que Ulisesproyect Eventos especiales SLU ostenta os dereitos de uso da marca "O MARISQUIÑO".

**XI.-** Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

**XII.-** Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

**XIII.-** Que o carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**XIV.-** Que ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9708/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## PACTOS

**Primeiro.-** Ulisesproyect Eventos Especiales SLU organizará o festival “O Marisquiño 2023”, que terá lugar no centro da cidade os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar as actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo I deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar adecuada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da Deputación Provincial de Pontevedra e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios, adoitando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia deseñado para o evento.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Incluír a celebración do festival “O Marisquiño 2023” dentro da programación das Festas de verán 2023 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder directamente a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, unha subvención para a edición 2023 por importe de 1.140.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución da edición do festival “O Marisquiño 2023”. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo

subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 7930 4002 1974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Quinto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.**- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sétimo.**- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Oitavo.**- A beneficiaria terá de prazo ata o 1 de novembro para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a SOCIEDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003. estabelécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Noveno.-** No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.**- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** A Concelleira Delegada da área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, queda facultado para resolver

as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo noveno -** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Vixésimo**.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

**Vixésimo primeiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo segundo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, no lugar e data que se indican

## 3(642).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A AXUDAS POLOS GASTOS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS

**DA IMPOSIBILIDADE DE ADESTRAR NO CAMPO MUNICIPAL DAS TRAVESAS DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2022/2023. EXPTE. 22514/333.**

Visto o informe xurídico do 29/06/2023 e o informe de fiscalización do 27/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/06/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o técnico do Servizo, o concelleiro-delegado de Deportes, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 26 de xuño de 2023 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o Técnico do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a o importe destinado ás subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, sobre un máximo de 28 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Promoción do deporte base:

a.1. Número total de licencias (Masculinas e femininas) ata categoría previa á absoluta incluída. Ata 25 puntos

Volume total de licencias ata a categoría previa á absoluta e puntuación.

- 6 puntos: De 50 a 65 licencias.
- 8 puntos: De 66 a 80 licencias.
- 10 puntos: De 81 a 95 licencias.
- 12 puntos: De 96 a 110 licencias.
- 15 puntos: De 111 a 125 licencias.
- 16 puntos: De 126 a 150 licencias.
- 17 puntos: De 151 a 165 licencias.
- 20 puntos: De 166 a 180 licencias.
- 25 puntos: >181

b) Deporte e discapacidade: 3 puntos.

Outorgaranse 3 puntos ás entidades deportivas federadas cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria, fundamentado nos posibles gastos incrementados que pode supoñer o desprazamento adaptado destes colectivos.

A esta convocatoria presentouse unha soa entidade, admitida por cumprir os requisitos establecidos nas bases.

Da avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a puntuación acadada pola entidade é de 15 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 15.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 1.000,00€.

Non obstante, atendendo ó establecido no apartado 3 da base 8ª, que establece que *“o importe máximo da subvención a unha entidade non poderá superar o 100% do custo total da actividade. En caso de superarse estes límites, aplicarase o factor de corrección necesario”,* e tendo en conta que o custo total da actividade da entidade solicitante ascende a 11.160,00€, este é o importe máximo da subvención e polo tanto o proposto.

A comisión de valoración acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que a beneficiaria cumpre os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

A comisión de valoración certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados pola entidade solicitante están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónase o importe proposto correspondentes á entidade solicitante de subvención admitida no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizouse o certificado emitido pola Federación Deportiva da modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa a Facenda autonómica autorizando ó Concello a comprobar este dato coa Seguridade Social, a AEAT e o Concello de Vigo. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 26 de xuño de 2023, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

A entidade solicitante da subvención declara que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrería a entidade no caso de falsear os datos na solicitude.

No anexo I relaciónase o importe da subvención proposta para a entidade solicitante admitidas. Este importe está definido polo produto dos puntos acadados pola entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas pola entidade solicitante foi de 15 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 15.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 1.000,00€.
Non obstante, atendendo ó establecido no apartado 3 da base 8ª, que establece que "o importe máximo da subvención a unha entidade non poderá superar o 100% do custo total da actividade. En caso de superarse estes límites, aplicarase o factor de corrección necesario", e tendo en conta que o custo total da actividade da entidade solicitante ascende a 11.160,00€, este é o importe máximo da subvención e polo tanto o proposto.

Por todo o dito anteriormente, proponse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

- Aprobar a proposta de subvención a favor da entidade detallada segundo consta no Anexo I, por un importe total de 11.160,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2023 e a súa bolsa de vinculación, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións orientadas a axudas polos gastos extraordinarios derivados da imposibilidade de adestrar no campo municipal das travesas durante a tempada deportiva 2022/2023.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I: ENTIDADES BENEFICIARIAS "CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A AXUDAS POLOS GASTOS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DA IMPOSIBILIDADE DE ADESTRAR NO CAMPO MUNICIPAL DAS**

**TRAVESAS DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2022/2023 (ACTA DO 26 DE XUÑO DE 2023 DA COMISIÓN DE VALORACIÓN).**

| Nº EXPTE | ENTIDADE | CIF | TOTAL PUNTOS | Importe Subvención |
|---|---|---|---|---|
| 22885-333 | BALAIDOS FC | G36737724 | 15 | 11.160,00 € |

**4(643).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2022/2023, OU DO ANO 2023 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE. 12101/224.**

Visto o informe de fiscalización do 01/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/07/2023, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a asesora Xurídico do Servizo, a xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13 de abril de 2023 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2022/2023, ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311.4890000 *"Promoción da igualdade e do deporte feminino"* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 18/04/2023 e 20/04/2023, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 21 de abril e rematou o 5 de maio de 2023.

Conforme establece a base décima, as solicitudes e documentación debían presentarse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). A mesma base décima establece o prazo de presentación solicitudes: 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 82 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo. 78 solicitudes foron presentadas no dito prazo e 4 solicitudes fóra do prazo. As catro solicitudes presentadas fóra do prazo son as seguintes:

- Club Petanca Outeiro, con CIF G27788314, expte. 12291/224, rexistrou a súa solicitude o 07/05/20223.
- Club Apóstol Santiago, con CIF G36646446, expte. 12295/224, rexistrou a súa solicitude o 09/05/2023.
- Grupo de Montaña Alud, con CIF G36897437, expte. 12298/224, rexistrou a súa solicitude o 10/05/2023.
- Club Natación Traviesas, con CIF G36823524, expte. 12299/224, rexistrou a súa solicitude o 10/05/2023.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta. Houbo unha entidade que non respondeu ao requirimento realizado:

- Club Petanca Ensino, con CIF: G36798866, expte. 12300/224. En data 19.06.2023, a entidade accede á notificación do requirimento, polo que o prazo para emendar a solicitude rematou o 03.07.2023. Transcorrido o dito prazo, a entidade non presentou a documentación requirida.

As demais entidades achegaron a documentación solicitada. Segundo o disposto na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por Dª Ana Laura Iglesias González, concelleira de Igualdade e Comercio que actuou como presidenta, Dª Mar Soto García, axente de igualdade de oportunidades do Servizo de Igualdade, e Dª Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 5 de xullo de 2023 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria. Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, así como a proposta de denegación para as catro solicitudes que non foron presentadas en prazo e para a solicitude presentada pola entidade que non respondeu ao requirimento realizado para completar a súa solicitude.

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, manifístase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, dentro do “Programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2022/2023”, por un

importe total de corenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con oitenta e oito céntimos (44.999,88 €); constando no anexo I que se incorpora a relación de entidades e a contía das axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Por presentar a solicitude fóra do prazo establecido, de acordo coa base décima:

- Club Petanca Outeiro, con CIF G27788314, expte. 12291/224
- Club Apóstol Santiago, con CIF G36646446, expte. 12295/224
- Grupo de Montaña Alud, con CIF G36897437, expte. 12298/224
- Club Natación Traviesas, con CIF G36823524, expte. 12299/224

  Conforme ao estipulado na base 5ª.2: "Quedan excluídas expresamente desta convocatoria: (...) *c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso."*

b) Por non responder ao requirimento para completar a documentación e corrixir as deficiencias detectadas na súa solicitude, de acordo coa base décimo segunda:

- Club Petanca Ensino, con CIF G36798866, expte 12300/224.

  Conforme ao estipulado na base 5ª.1: "*poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos: (...) f) que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base décimo primeira.*

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses."

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO I: ENTIDADES, PUNTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

| ENTIDADE SOLICITANTE | CIF | MODALIDADE DEPORTIVA | GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA | CONTÍA SOLICITADA | TOTAL PUNTUACIÓN | CONTÍA CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CLUB MANIOTAS | G36684819 | Ximnasia | A | 1.500,00 € | 20 | **953,40 €** |
| CLUB DEPORTIVO SEUNG SPORT | G27810761 | Taekwondo | B | 1.500,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA | G36927689 | Atletismo | A | 1.500,00 € | 23 | **1.096,40 €** |
| CLUB PETANCA VIGO | G36702413 | Petanca | A | 1.000,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB PEÑASCO | G27804970 | Fútbol | A | 1.000,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB CIOS VIGO | G36795680 | Fútbol | A | 1.500,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB CICLISTA CORUXO | G27710730 | Ciclismo | A | 339,24 € | 7 | **333,69 €** |
| CLUB PETANCA FLORIDA | G36792711 | Petanca | A | 650,00 € | 9 | **429,02 €** |
| CLUB DEPORTIVO VALLADARES DE VIGO | G36629657 | Fútbol | A | 1.500,00 € | 11 | **524,37 €** |
| CLUB PATINAXE ARTÍSTICA VALLADARES | G36765733 | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 16 | **762,71 €** |
| CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTÍSTICA | G36811974 | Patinaxe | A | 950,00 € | 18 | **858,06 €** |
| REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO | G36612752 | Natación | A | 1.500,00 € | 21 | **1.001,06 €** |
| CLUB ESCOLA ROSALÍA | G27827856 | Ximnasia<br>Patinaxe<br>Bádminton | A<br>A<br>B | 1.500,00 € | 18,5 | **881,89 €** |
| CLUB DO LUME | G36852671 | Petanca | A | 600,00 € | 14 | **600,00 €** |
| CLUB DEPORTIVO BOSCO | G36692317 | Baloncesto | A | 1.500,00 € | 24 | **1.144,07 €** |
| CLUB BALONCESTO SALESIANOS | G36875391 | Baloncesto | A | 1.500,00 € | 21 | **1.001,06 €** |
| CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO | G36614097 | Pádel<br>Tenis | B<br>B | 1.500,00 € | 6,5 | **309,85 €** |
| CLUB DEPORTIVO COLEXIO MARIANO | G36649408 | Baloncesto | A | 450,00 € | 16 | **450,00 €** |

| ENTIDADE SOLICITANTE | CIF | MODALIDADE DEPORTIVA | GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA | CONTÍA SOLICITADA | TOTAL PUNTUACIÓN | CONTÍA CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CLUB DEPORTIVO PÁDEL FEMENINO CIES | G27713759 | Pádel | B | 1.500,00 € | 10 | **476,69 €** |
| CLUB DE TAEKWONDO KAE SPORT | G27830975 | Taekwondo | B | 1.000,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB BADMINTON CIES | G36827418 | Bádminton | B | 400,00 € | 7 | **333,69 €** |
| INDEPENDIENTE FÚTBOL CLUB | G36710416 | Fútbol | A | 600,00 € | 10 | **476,69 €** |
| AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO | G36645109 | Atletismo | A | 1.500,00 € | 13 | **619,71 €** |
| CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO | G36869873 | Esgrima<br>Esgrima adaptada | A<br>A | 1.500,00 € | 14 | **667,38 €** |
| CLUB NATACIÓN RÍAS BAIXAS | G36827079 | Natación | A | 1.500,00 € | 14 | **667,38 €** |
| CLUB MINAUTA | G36834240 | Motonáutica | A | 1.500,00 € | 8 | **381,36 €** |
| AS SPORT VIGO | G27749837 | Taekwondo | B | 1.500,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB PATÍN VAGALUME | G36982304 | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 14 | **667,38 €** |
| BLACK VOLEY VIGO | G27747864 | Voleibol | A | 800,00 € | 14 | **667,38 €** |
| CLUB DEPORTIVO I.E.S CORUXO FS | G27726835 | Fútbol | A | 1.500,00 € | 8 | **381,36 €** |
| UNION BALONMÁN LAVADORES | G36810075 | Balonmán | A | 1.500,00 € | 15 | **715,04 €** |
| COMESAÑA SPORTING CLUB | G36645257 | Atletismo | A | 1.000,00 € | 15 | **715,04 €** |
| CLUB DE BALONCESTO SEIS DO NADAL-COIA | G36942142 | Baloncesto | A | 1.500,00 € | 21 | **1.001,06 €** |
| FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO | G36704666 | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 14 | **667,38 €** |
| GMTA&CHUVONERS | G27782168 | Montañismo | B | 800,00 € | 7,5 | **357,52 €** |
| CLUB PETANCA CABRAL | G36765055 | Petanca | A | 1.000,00 € | 14 | **667,38 €** |
| CLUB INDALO PATINAJE ARTÍSTICO | G16794968 | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 18 | **858,06 €** |
| CLUB VIGO SQUASH | G36929511 | Squash | A | 1.500,00 € | 10 | **476,69 €** |

| ENTIDADE SOLICITANTE | CIF | MODALIDADE DEPORTIVA | GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA | CONTÍA SOLICITADA | TOTAL PUNTUACIÓN | CONTÍA CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BOUZAS CAIAC | G67795062 | Piragüismo | A | 1.217,95 € | 11 | **524,37 €** |
| CLUB PATINAXE ARTÍSTICA CORUXO | G27865831 | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 13 | **619,71 €** |
| CLUB VOLEI PRAIA VIGO | G36990109 | Voleibol | A | 1.500,00 € | 20 | **953,40 €** |
| CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS | G36713493 | Voleibol | A | 1.500,00 € | 20 | **953,40 €** |
| ESPELEO CLUB ARADELAS | G36642247 | Espeleoloxía | B | 350,00 € | 5,5 | **262,19 €** |
| CLUB AS RODAS PATINAJE ARTÍSTICO DE VIGO | G36645091 | Patinaxe | A | 1.000,00 € | 16 | **762,71 €** |
| CLUB DE FÚTBOL BALAÍDOS | G36737724 | Fútbol | A | 1.500,00 € | 9 | **429,02 €** |
| TRAVIESAS HOCKEY CLUB | G36680239 | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB REMO VIGO | G27852896 | Remo | A | 1.000,00 € | 9 | **429,02 €** |
| CLUB HALTEROFILIA VIGO | G36757623 | Halterofilia | A | 1.500,00 € | 10 | **476,69 €** |
| AGRUPACIÓN DEPORTIVA GALICIA SOCIAL | G36622934 | Balonmán | A | 500,00 € | 13 | **500,00 €** |
| CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL-COIA | G36948115 | Balonmán | A | 1.500,00 € | 10 | **476,69 €** |
| CLUB MONTAÑEIROS/AS CELTAS | G36637890 | Montañismo<br>Espeleoloxía | B<br>B | 1.500,00 € | 11,5 | **548,21 €** |
| CLUB MARÍTIMO DE CANIDO | G36630127 | Vela | A | 1.000,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO | G27722305 | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 20 | **953,40 €** |
| ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015 FÚTBOL SALA | G36982239 | Fútbol | A | 1.500,00 € | 7 | **333,69 €** |
| CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO | G27871375 | Balonmán | A | 1.500,00 € | 10 | **476,69 €** |
| TRASNOS BÉISBOL CLUB | G27750645 | Béisbol/Sófbol | A | 500,00 € | 10 | **476,69 €** |
| CLUB DE PIRAGÜISMO OLÍVICO | G27822006 | Piragüismo | A | 1.000,00 € | 11 | **524,37 €** |

| ENTIDADE SOLICITANTE | CIF | MODALIDADE DEPORTIVA | GRUPO MODALIDADE DEPORTIVA | CONTÍA SOLICITADA | TOTAL PUNTUACIÓN | CONTÍA CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA | G36630192 | Montañismo | B | 500,00 € | 7 | **333,69 €** |
| CLUB DEPORTIVO FLIC FLAC | G36931582 | Ximnasia | A | 1.000,00 € | 25 | **1.000,00 €** |
| CLUB SAN ROQUE CASABLANCA | G36763084 | Fútbol | A | 1.500,00 € | 7 | **333,69 €** |
| CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S | G36886422 | Fútbol | A | 1.500,00 € | 12 | **572,04 €** |
| VIGO ROLLER DERBY | G27784552 | Patinaxe | A | 1.500,00 € | 14 | **667,38 €** |
| CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA RÍAS BAIXAS VIGO | G27763812 | Natación | A | 1.200,00 € | 16 | **762,71 €** |
| CLUB BALONMANO PLAYA PAINKILLERS | G27768118 | Balonmán | A | 1.500,00 € | 11 | **524,37 €** |
| CLUB DEPORTIVO SAN JOSE DE CLUNY VIGO | G27857465 | Baloncesto | A | 750,00 € | 13 | **619,71 €** |
| VETERANAS DE BALONMANO | G27847615 | Balonmán | A | 1.500,00 € | 14 | **667,38 €** |
| CLUB DEPORTIVO C.S.C.R. DE BEADE | G36904530 | Atletismo<br>Petanca | A<br>A | 740,00 € | 14 | **667,38 €** |
| ASOCIACION CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES | G36805158 | Fútbol | A | 1.500,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL | G36686376 | Balonmán | A | 1.500,00 € | 17 | **810,38 €** |
| C.A.R. MARISQUEIRO | G27737477 | Montañismo | B | 1.500,00 € | 8 | **381,36 €** |
| CLUB BAILE DEPORTIVO PASOS-BAILE GALICIA | G27750371 | Baile deportivo | A | 1.500,00 € | 9 | **429,02 €** |
| CLUB KAYAK VIGO | G36978559 | Piragüismo | A | 600,00 € | 10 | **476,69 €** |
| CLUB DE ESGRIMA CIUDAD DE VIGO | G36888543 | Esgrima | A | 1.500,00 € | 10 | **476,69 €** |
| CLUB CIES SQUASH | G27869437 | Squash | A | 1.500,00 € | 14 | **667,38 €** |
| CLUB TRIATLON MAR DE VIGO | G27730597 | Tríatlon e péntatlon moderno | A | 878,00 € | 8 | **381,36 €** |
| S.D. ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA | G36645018 | Atletismo | A | 1.000,00 € | 9 | **429,02 €** |
| BALONA LINENSE F.S | G36985984 | Fútbol | A | 1.500,00 € | 11 | **524,37 €** |
| | | | | | **TOTAL** | **44.999,88 €** |

**5(644).- CONVOCATORIA E BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PISÓLOGO/A. EXPTE. 42610/220.**

Visto o informe de fiscalización do 28/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/07/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** En data de sinatura electrónica, mediante escrito asinado pola Xefa do servizo de Igualdade e Concelleira delegada da Área de Igualdade e Normalización Lingüística, solicita a necesidade de extrema urxencia na elaboración dunha bolsa de emprego de psicóloga/o por oposición.

**II.-** Mediante instrución de servizo de data 07/07/2023 a Concellería-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e Concellería-delegada de Recursos Humanos, procederon a “ *Ordear a incoación de expediente administrativo para a selección de persoal interino coa categoría profesional indicada (psicóloga), mediante a convocatoria, polo sistema legalmente procedente, de proceso de selección para a xeración de listas de reserva, a fin de dar resposta ás necesidades do servizo de igualdade, nos termos que procedan consonte ao establecido no marco normativo referencial de aplicación”*

**III.-** Consta no expediente escritos asinados pola Xefa do servizo de Igualdade e Concelleira delegada da Área de Igualdade e Normalización Lingüística, nos que propoñen como sistema de selección a oposición, xunto cunha proposta de probas e temario específico.

**IV.-** En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, e celeridade; tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.- Consideracións sobre os funcionarios interinos no marco normativo referencia de aplicación.**

Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o persoal funcionario interino son os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de persoal

funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaoito meses (apartado d); a substitución transitoria da/o titular da praza (apartado b); a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c); e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por persoal funcionario de carreira por un máximo de tres años (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento das persoas funcionarias interinas producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Ás persoas funcionarias interinas seralles aplicable o réxime xeral das persoas funcionarias de carreira en canto sexa adecuado á natureza da súa condición temporal e ao carácter extraordinario e urxente do seu nomeamento, salvo aqueles dereitos inherentes á condición de persoal funcionario de carreira.

Consonte ás Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente a área ou servizo solicitante, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Os aspectos relacionados no presente apartado deberán expoñerse no expediente de nomeamento de persoal interino que da selección proposta poda derivarse.

**II.- SOBRE A MOTIVACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN E SISTEMA SELECTIVO OBXECTO DE PROPOSTA E AS NECESIDADES CONCORRENTES NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/08/2022 procedeuse á aprobación da revisión dos “Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no concello de VIgo” en cuxo punto I contémplase que *“As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre.”*

No presente suposto, consta a ausencia de listas de reserva vixentes con persoas en condición de ser nomeadas, nas concretas categorías profesionais especializadas.

No presente suposto, consta a ausencia de listas de reserva vixentes na concreta categoría profesional especializada en Psicoloxía, unida á ausencia de perfís análogos no cadro de persoal municipal.

Complementariamente, en informe de data 16/06/2023 consta acreditada as necesidades concorrentes no Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, servizo exterior adscrito ao Servizo de Igualdade , na concreta especialidade esixida no coñecemento da normativa sectorial específica propia das materias de Psicoloxía, xunto coas urxentes necesidades derivadas da prestación do servizo ao concorrer un efectivo en situación de IT de longa duración prevista.

**III.**- As persoas aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houbese, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

**Dada a especialización técnica requirida**, considéranse r**equisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:

- Psicóloga/o, subgrupo A1: Estar en posesión do título académico oficial de Grao en psicoloxía ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP 16/05/2023).
- Formación acreditada de 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades por razón de xénero e/ou a violencia de xénero.
- Experiencia acreditada dun mínimo de 3 meses en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero e/ou a violencia de xénero, en entidades públicas ou privadas.

Como **requisitos xerais** para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro

Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

– Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.
– Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

**IV.- SOBRE OS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: RÉXIME XURÍDICO.**

O marco normativo regulador dos órganos de selección de persoal das Administracións Públicas esixe o preceptivo axuste dos mesmos á configuración legal esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do TREBEP, e no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do citado TREBEP establece que:

*"1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.*

*2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.*

*3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie."*

Pola súa banda, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón que:

*"1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.*

*2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:*

*a) El personal de elección o de designación política.*

*b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*

*c) El personal eventual.*

*d)Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

*3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.*

*4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.*

*5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.*

*6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.*

*7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos."*

Asimesmo, o artigo 10.2 do propio TREBEP establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles, que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

**V.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*" 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

*a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*

*b) La intervención formal de la ordenación del pago.*

*c) La intervención material del pago.*

*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

**VI. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

**VII.- PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar as bases específicas reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsa de emprego de  Psicóloga/o enmarcada no grupo A subgrupo A1, escala administración especial), que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; bases contidas no ANEXO I do presente acordo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal www.vigo.org e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, para público e xeral coñecemento.

**Segundo.-** Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación  de bolsa de emprego de Psicóloga/o, subgrupo A1, nos termos do disposto no apartado primeiro do presente acordo.

**Terceiro.-** Habilitar expresamente á Concellería da Área competente en materia de persoal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección, no uso das competencias que en materia de persoal ostenta por delegacións competenciais efectuadas en Decretos da Excma. Alcaldía de data 19/06/2023 e 20/06/2023 e Acordo da XGL de data 22/06/2023.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao persoal da oficina administrativa asignado á actividade de emprego público e selección de persoal, aos efectos oportunos.

**Quinto.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicacación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I**

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, COMO PSICÓLOGA/O

## I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación de bolsa de persoal interino de Psicóloga/o, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Especial, que permita o nomeamento interino nas modalidades contempladas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP)

## II.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e manter ata o momento do correspondente nomeamento os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico de:

Grao en psicoloxía ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza de Psicóloga/o no Concello de Vigo.

f) Formación acreditada de 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades por razón de xénero e/ou a violencia de xénero.

g) Experiencia acreditada dun mínimo de 3 meses en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero e/ou a violencia de xénero, en entidades públicas ou privadas.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial, contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante copia autenticada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo.

* As persoas aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

A acreditación da formación específica, contida no apartado f) poderá acreditarse mediante os correspondentes títulos académicos e/ou certificados expedidos por organismos públicos oficiais.

A acreditación da experiencia, contida no apartado g) poderá acreditarse mediante certificado de AAPP, empresas, contratos laborais e/ou vida laboral, dos que se desprenda a categoría profesional do persoal, o nome do programa, institucións, datas e persoas destinatarias.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de Psicóloga/o.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na web municipal www.vigo.org dentro da sección “Ofertas de Emprego” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerase de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

## III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para estas bolsas de traballo será o oposición libre, segundo a previsión dos criterios de xestión de listas de reserva, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, pudendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

## IV.- FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, catro temas elixidos ao chou, de entre os que figuran no temario. Un destes corresponderá ao primeiro apartado dos temas “Temario xeral” e o resto ao apartado de “Temario específico”.

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle á persoa aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que determinará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados coas materias que integran o programa específico das bases da convocatoria, relativos as tarefas propias da praza. As persoas aspirantes poderán facer uso dos textos legais que consideren oportunos, non incluíndo ni manuais nin textos comentados.

As persoas aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle á persoa aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

A persoa aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio as persoas aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado a persoa aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

A puntuación de cada persoa aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferencia de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de persoas aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase  a favor da/o aspirante que obteña a maior puntuación no segundo exercicio de carácter teórico práctico, e de persistir, o desempate se dirimirá establecendo o tribunal unha sinxela proba adicional e obxectiva relacionada coas materias obxecto da oposición para os empatados.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación das persoas aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de persoas aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor,  en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do  Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

## V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

As **solicitudes** dirixirase á Excma. Alcaldía-Presidente do Concello de Vigo e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior (“Condicións das persoas aspirantes e acreditación documental”).

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas ás persoas aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

## VII.- ÓRGANOS DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretaria/o, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

**Presidenta/e**:

- Unha persoa funcionaria de carreira do Concello de Vigo, ou do seu organismo autónomo, pertencente a subgrupo A1 de titulación ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar nos procesos selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

Corresponde á/ao Presidenta/e acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

**Secretaria/o:**

- Unha persoa funcionaria con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, pertencente á subescala de Secretaría, subgrupo A1 de titulación, ou ben unha persoa funcionaria do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico - coa correspondente proposta de acordo - ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

As/os secretarias/os serán as persoas responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na web do Concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Vogais:**

- Tres persoas funcionarias de carreira do Concello de Vigo, ou do seu organismo autónomo, encadradas no subgrupo A1 de titulación ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar nos procesos selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos pola Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada competente en materia de persoal, previa verificación técnica do cumprimento dos requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e paridade contemplados na normativa vixente. A súa designación corresponde á Xunta de Goberno Local consonte ao previsto na normativa vixente en materia de réxime local, podendo delegar de forma expresa esta facultade na Concellería-delegada competente en materia de persoal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dunha persoa funcionaria de carreira adscrita Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, que desenvolverá tarefas administrativas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo, non podendo estar presente nas deliberacións do órgano de selección. No caso de requirir a presenza indicada, deberá deixarse constancia expresa na acta das causas motivadoras da necesidade de recurso ao dito efectivo, que en todo caso será designado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, coa conformidade da Concellería da Área competente en materia de persoal.

Os membros do órgano de selección, as persoas asesoras que se podan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As persoas aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego,** ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeadas como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de cinco anos.

As persoas aspirantes que renuncien expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicasde emprego do Concello de Vigo.

## VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

## IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; a efectos do cal poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e o desenvolvemento conforme a Dereito do proceso selectivo.

As persoas aspirantes terán un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións á acta de valoración, a contar dende a publicación da mesma na paxina web muncicipal, www.vigo.org.

## X.- RÉXIME XURÍDICO

A valoración dos méritos axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do

estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

## TEMARIO

### TEMARIO XERAL

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.

Tema 2.- A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.

Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.

Tema 5.- Organización municipal. Competencias.

Tema 6.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 7.- Función pública local: organización, selección e situacións administrativas. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. O procedemento disciplinario: faltas e sancións.

Tema 8.- Funcionamento electrónico do sector público: sede electrónica, sistemas de identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo e rexistros.

Tema 9.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma do contrato.

Tema 10.- A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.

Tema 11.- A Administración do Estado, a administración autonómica e a administración local. Administración institucional e corporativa. A relación xurídico-administrativa: os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración.

Tema 12.- Eficacia dos actos administrativos. A obriga de resolver e silencio administrativo. Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. .

Tema 13.- O recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso-administrativo.

Tema 14.- O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.

Tema 15.- Aspectos xerais sobre as formas de acción administrativa.

Tema 16.- O servizo público. Análise xeral dos modos de xestión dos servizos públicos.

Tema 17.- A función recadadora nas facendas locais. Principios orzamentarios na Lei reguladora das facendas locais.

Tema 18.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

**TEMARIO ESPECÍFICO**

Tema 1.- Marco normativo internacional en materia de igualdade entre mulleres e homes e no eido da violencia de xénero.

Tema 2.- Ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica. (Convenio de Estambul).

Tema 3.- O Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Tema 4.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes I: O principio da igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

Tema 5.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes II: O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades. O principio de igualdade no emprego público. Igualdade de trato no acceso a bens e servizos e ao seu subministro. Disposicións organizativas.

Tema 6.- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero I : Título preliminar. Medidas de sensibilización, prevención e detección. Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tema 7.- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero II : Tutela Institucional, Tutela Penal e Tutela xudicial.

Tema 8.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Tema 9.- A orde de de protección das vítimas de violencia de xénero.

Tema 10.- Normativa estatal e autonómica en materia de violencia sexual. Prevención e detección. Dereitos das vítimas de violencia sexual.

Tema 11.- O sistema de protección da infancia e da adolescencia I: marco legal, concepto, principios reitores, principio de corresponsabilidade e deber de colaboración, competencias, dereitos e deberes.

Tema 12.- O sistema de protección da infancia e da adolescencia II: medidas de prevención. Risco e desamparo. Actuación ante o risco e o desamparo. Medidas de protección. Funcións da psicóloga/o nun *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*

Tema 13.- O sistema público de servizos sociais de Galicia I: obxectivos, principios, titulares de dereito, dereitos e deberes das persoas usuarias, catálogo de servizos e competencias.

Tema 14.- O sistema público de Servizos sociais de Galicia II: estrutura do sistema. Servizos sociais comunitarios e especializados.

Tema 15.- A atención as persoas LGTBI. Marco legal. Medidas no ámbito da saúde para promover a igualdade efectiva. A protección efectiva e reparación ante a discriminación e violencia.

Tema 16.- A intervención psicolóxica para a prevención da violencia de xénero na comunidade. Funcións da profesional nos ámbitos social, educativo e sanitario.

Tema 17.- O sistema educativo desde a perspectiva de xénero. A coeducación. Programas do Concello de Vigo para a formación e sensibilización en igualdade e para a prevención da violencia de xénero. Prevención da violencia e promoción da convivencia en centros escolares.

Tema 18.- A información e prevención na violencia de xénero: as escolas de nais e pais. Asesoramento a familias . A comunicación no contexto familiar.

Tema 19.- Uso non sexista da imaxe e a linguaxe. Estratexias para o emprego dunha linguaxe inclusiva na comunicación oral e escrita.

Tema 20.- A socialización diferencial: o papel do sistema educativo, do ámbito familiar, comunitario e dos medios de comunicación.

Tema 21.- A división sexual do traballo. Ámbito produtivo e reprodutivo. Consecuencias na saúde das mulleres.

Tema 22.- Conceptos básicos en materia de xénero e igualdade. sistema sexo-xénero. Patriarcado. Androcentrismo. Machismo. Sexismo. Roles e estereotipos. Brecha de xénero. M*ainstreaming.* Accións positivas.

Tema 23.- Os Planes de Igualdade de Oportunidades. Finalidade, contido e estrutura. A transversalidade de xénero na administración pública.

Tema 24.- Informes de impacto de xénero e indicadores de xénero. A avaliación do impacto en función do xénero.

Tema 25.- O Feminismo: orixes, etapas e influencia exercida no cambio social.

Tema 26.- A participación social e política das mulleres. O empoderamento. O asociacionismo feminino. Consello Municipal da Muller.

Tema 27.- Os Centros de Información ás mulleres. (CIM). Definición, funcións e obxectivos. Normativa reguladora. Persoal e medios dun CIM. Funcións da psicóloga/o nos CIM.

Tema 28.- O Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo. Organización, programas. Ámbito de actuación. Coordinación con outros servizos.

Tema 29.- O equipo interdisciplinar. Técnicas de traballo en equipo. O papel da psicóloga no equipo interdisciplinar dun Centro de Información á Muller.

Tema 30.- Recursos de acollemento ante situacións de violencia de xénero. O Centro de emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI). A Rede municipal de vivendas de protección.

Tema 31.- Protocolo de acceso á rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero. Protocolo de derivación entre centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

Tema 32.- Recursos, programas e servizos para a violencia de xénero no ámbito estatal e autonómico.

Tema 33.- Recursos, programas e servizos de atención á violencia de xénero no Concello de Vigo.

Tema 34.- Recursos de protección á violencia de xénero. Equipos especializados de atención ás vítimas, dos Corpos e Forzas de Seguridade.

Tema 35.- Recursos de intervención e seguimento xudicial. Programa de asistencia xurídica. Unidade de Violencia contra a Muller da Subdelegación do Goberno. Punto de coordinación das ordes de protección. Mesas locais de coordinación interinstitucional fronte a violencia de xénero.

Tema 36.- As Oficinas de Asistencia ás Vítimas nos xulgados. Marco regulador. Funcións das oficinas. Asistencia psicolóxica. Fases da asistencia.

Tema 37.- A coordinación socio-sanitaria. Obxectivos. Rede de centros socio-sanitarios na área sanitaria de Vigo.

Tema 38.- Protocolo de Coordinación e Cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Principios de actuación. Propostas e protocolos de actuación na área social e na área sanitaria.

Tema 39.- Pautas para a intervención integral e individualizada con mulleres vítimas de violencia de xénero, os seus fillos e fillas e outras persoas ao seu cargo, aprobada pola Conferencia Sectorial de Igualdade do 17 de xuño de 2013.

Tema 40.- Procedemento de atención a mulleres vítimas de violencia sexual no Servizo Galego de Saúde aprobado polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

Tema 41.- Medidas de autoprotección para a vítima de violencia de xénero. O plan de seguridade.

Tema 42.- A acreditación administrativa das situacións de vítima de violencia de xénero, de trata de seres humanos, de explotación sexual e de violencia sexual.

Tema 43.- Violencia de xénero: concepto e causas. Tipos de violencia de xénero. A violencia vicaria.

Tema 44.- Teorías explicativas da violencia de xénero. O ciclo da violencia. Tipos de vitimización.

Tema 45.- Características e manifestacións da violencia de xénero entre adolescentes. O modelo do amor romántico e as súas consecuencias.

Tema 46.- A trata con fins de explotación sexual. Concepto. Marco legal. Indicadores de detección. Protocolos de actuación institucional. Pautas para a intervención psicolóxica.

Tema 47.- A prostitución e a exclusión social. Impacto na saúde das mulleres. Pautas para a intervención psicolóxica.

Tema 48.- O acoso sexual e o acoso por razón de sexo. Ciberacoso. Consecuencias na saúde das mulleres e mozas. Pautas para a intervención psicolóxica.

Tema 49.- As agresións sexuais. Avaliación psicolóxica. Consecuencias físicas e psicolóxicas nas mulleres. Recursos socio-sanitarios.

Tema 50.- As agresións sexuais a menores. Estratexias de prevención e intervención. Recursos socio-sanitarios.

Tema 51.- A perspectiva de xénero na saúde. Nesgos de xénero na Psicoloxía. Claves da intervención psicolóxica desde a perspectiva de xénero.

Tema 52.- Código deontolóxico da psicóloga ou psicólogo. O respecto da autonomía da e do paciente na Lei 41/2002 de 14 de novembro.

Tema 53.- A protección de datos de carácter persoal na lexislación vixente. Datos especialmente protexidos. Datos relativos á saúde.

Tema 54.- A valoración do risco en violencia de xénero. Factores de risco e instrumentos de valoración. A entrevista clínica á muller ante a sospeita de maltrato.

Tema 55.- O impacto da violencia de xénero nos e nas menores: efectos, factores de risco e de protección. Indicadores de sospeita. A intervención psicolóxica coas e cos menores vítimas de violencia de xénero.

Tema 56.- A entrevista como técnica de diagnóstico e intervención: modelos teóricos e diferentes tipos de entrevista.

Tema 57.- Instrumentos e programas de avaliación en violencia de xénero.

Tema 58.- Valoración do dano en mulleres vítimas de violencia de xénero. Consecuencias psicolóxicas do maltrato, sintomatoloxía e efectos nas mulleres vítimas.

Tema 59.- Principios básicos da intervención psicolóxica con mulleres vítimas de violencia de xénero. Intervencións iatroxénicas. A formación e o autocoidado da profesional ante os efectos do traballo en violencia de xénero.

Tema 60.- Áreas a abordar na intervención psicolóxica en contextos de violencia de xénero. O empoderamento como obxectivo terapéutico. Coordinación e traballo en rede.

Tema 61.- O traballo terapéutico con mulleres vítimas de violencia de xénero. Obxectivos e tratamento. A intervención en crise.

Tema 62.- Ferramentas e técnicas de intervención psicolóxica en violencia de xénero.

Tema 63.- A intervención psicolóxica no Trastorno de estrés postraumático nas vítimas de violencia de xénero.

Tema 64.- O grupo e a dinámica grupal. Técnicas grupais. Os grupos de axuda mutua. Intervención psicolóxica grupal con vítimas de violencia de xénero.

Tema 65.- As habilidades sociais. Definición e adquisición. Adestramento nas habilidades sociais. A asertividade e a autoestima. Métodos e técnicas para e seu fomento.

Tema 66.- Habilidades de autocontrol e manexo do estrés. Toma de decisións e resolución de conflitos. Habilidades para a autonomía persoal.

Tema 67.- O informe psicolóxico. Tipos e estrutura.

Tema 68.- A prevención da violencia de xénero. Os vínculos amorosos e as relacións igualitarias e de bo trato.

Tema 69.- Mulleres en situación de vulnerabilidade. A intervención psicolóxica coas vítimas de violencia de xénero nas que conflúen diferentes factores de vulnerabilidade.

Tema 70.- A familia. Modelos familiares na sociedade actual. O dó e as perdas afectivas no ciclo vital familiar. Soporte emocional e abordaxe terapéutico.

Tema 71.- Os Puntos de Encontro Familiar: marco legal. Obxectivos. Principios de actuación. Dereitos e deberes das persoas usuarias. Tipos de intervención. Procedemento de acceso e derivación. Rede de centros en Galicia.

Tema 72.- A investigación na violencia de xénero. Instrumentos de recollida de datos. Análise de datos cuantitativos e cualitativos. Difusión e comunicación de resultados.

**6(645).- CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO "XEFE/A SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA" POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 42188/220.**

Visto o informe de fiscalización do 28/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/07/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación , a concelleira-delegada de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

1.- Consta orde de inicio da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 03/11/22 e decreto de data 11/11/22, pola que vistas as actuacións preparatorias e técnicas practicadas no expediente 27913-220, a aprobación definitiva da nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, así como a necesidade de proceder á provisión definitiva mediante a correspondente convocatoria dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación do Concello de Vigo; dispón a incoación de expediente administrativo tendente á convocatoria á tramitación das bases reitoras e convocatoria para a provisión definitiva dos postos de traballo pertencentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación; designando a estes efectos aos correspondente instrutores/as do procedemento.

2.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16/03/2023 (expte.40934/220), elevado a definitivo e publicado no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra, nº 93, de data 16/05/23 a aprobación da Relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023.

3.- Consta Informe técnico inicial de verificación dos postos A1 e A2 obxecto da convocatoria de provisión de data 11/11/22; e informe xeral relativo ao cronograma e calendario de actuacións en relación á convocatoria de provisión dos postos A1 e A2 (expte. 41118-220 e 1690-110), no que consta incluído o posto "Xefe/a Servizo Administración Electrónica", no apartado "Xefaturas vacantes ou ocupadas de forma provisional mediante adscrición provisional"

4.- A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal por Resolución de data 21/07/23 resolveu iniciar o expediente administrativo para a provisión polo sistema de libre designación do posto de traballo "Xefe/a Servizo Administración Electrónica", baixo a instrución da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación.

5.- Constan no expediente as bases da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de Xefatura do Servizo de Administración Electrónica, as cales se tramitan baixo a instrución da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación se ben unifícanse en aras da seguridade xurídica e do principio de igualdade.

6.- Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo da Xefatura do Servizo Administración Electrónica , prevíndose na RPT como forma de provisión a libre designación, segundo a motivación que consta na memoria xustificativa de data 27/06/22, publicada no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga

7.- O Pleno da Corporación Municipal aprobou por unanimidade, na sesión do 15 de setembro de 2021 o "I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo", sendo de aplicación transversal para o persoal ao servizo do Concello de Vigo.

## II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### 1.- Marco normativo respecto da provisión de postos e lexislación aplicable.

-**Marco normativo**.- O artigo 149.18 da Constitución Española establece a competencia exclusiva do Estado sobre as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas e réxime estatutario dos seus funcionarios que, en todo caso, garantirán aos administrados un tratamento común ante estas.

A Carta Magna prevé a existencia dunha reserva de lei do estatuto xeral dos funcionarios públicos no seu artigo 103.3, así como o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o siste-

ma de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio dos seus funcións. En este sentido a Sentenza do Tribunal Constitucional 99/1987, de 11 de xuño delimita o contido da reserva de lei do estatuto dos funcionarios públicos, declarando
**"***c) En el primer inciso de su art. 103.3 la Constitución ha reservado a la Ley la regulación de la situación personal de los funcionarios públicos y de su relación de servicio o «régimen estatutario», por emplear la expresión que figura en el art. 149.1.18 de la misma Norma fundamental. Es éste, desde luego, un ámbito cuyos contornos no pueden definirse en abstracto y a priori, pero en el que ha de entenderse comprendida, en principio, la normación relativa a la adquisición y pérdida de la condición de funcionario, a las condiciones de promoción en la carrera administrativa y a las situaciones que en ésta puedan darse, a los derechos y deberes y responsabilidad de los funcionarios y a su régimen disciplinario, así como a la creación e integración, en su caso, de Cuerpos y Escalas funcionariales y al modo de provisión de puestos de trabajo al servicio de las Administraciones Públicas, ...*.
Así, a Constitución establece a competencia exclusiva do Estado respecto ao réxime estatutario dos funcionarios públicos común a todas as Administracións Públicas formulado a través de bases que poderán ser desenvoltas polas Comunidades Autónomas, e en particular sobre un dos aspectos do seu estatuto xurídico, no que aquí nos atinxe, ao modo de provisión dos postos de traballo ao servizo das Administracións Públicas. Cómpre ter así mesmo presente a competencia exclusiva do Estado sobre lexislación laboral (artigo 149.1.17ª Constitución Española).

- **Lexislación aplicable**.
A provisión de postos na administración local rexérase pola lexislación básica estatal, sendo de aplicación os preceptos básicos da lexislación sobre función pública previstas no Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), e función pública local da Lei 7/1985, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL) así como aqueles preceptos básicos do Real Decreto 781/1986, de 18 abril polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local.

Tras os preceptos básicos e dada a ausencia de desenvolvemento normativo do TREBEP neste aspecto por parte do lexislador estatal básico, no que atinxe estritamente á provisión de postos de traballo serán de aplicación as previsións en materia de función pública local da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en atención ao principio de xerarquía normativa desta norma (artigo 9.3 CE 1978) Lei 2/2015.

A lei autonómica en materia de función pública desenvólvese regulamentariamente en materia de mobilidade e provisión mediante o Decreto 151/2022, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, aplicable segundo o seu artigo 2.2 ao persoal funcionario de carreira da Administración Local no non reservado á lexislación do Estado, e sen prexuízo da aplicación da lexislación específica para o persoal funcionario de Administración local con habilitación con carácter nacional, e vén a colmar as lagunas existentes na lexislación autonómica derogando en particular os artigos 1 a 17 e Disposición

transitoria Terceira do Decreto 93/1991, de 20 de marzo. Pola súa banda, resulta igualmente de aplicación supletoria o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado**.** Tras a normativa legal e regulamentaria de carácter estatal e autonómico o réxime xurídico verá determinado polos regulamentos e ordenanzas locais e acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28/12/1998).

**2 -Libre designación como sistema de provisión de postos.**

-O artigo 101 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local establece que:
*Los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.*

*En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo.*

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

Artículo 78. Principios y procedimientos de provisión de puestos de trabajo del personal funcionario de carrera.

*1. Las Administraciones Públicas proveerán los puestos de trabajo mediante procedimientos basados en los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.*
*2. La provisión de puestos de trabajo en cada Administración Pública se llevará a cabo por los procedimientos de concurso y de libre designación con convocatoria pública.*
*3. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto podrán establecer otros procedimientos de provisión en los supuestos de movilidad a que se refiere el artículo 81.2, permutas entre puestos de trabajo, movilidad por motivos de salud o rehabilitación del funcionario, reingreso al servicio activo, cese o remoción en los puestos de trabajo y supresión de los mismos.*

Artículo 80. Libre designación con convocatoria pública del personal funcionario de carrera.

*1. La libre designación con convocatoria pública consiste en la apreciación discrecional por el órgano competente de la idoneidad de los candidatos en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto.*
*2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto establecerán los criterios para determinar los puestos que por su especial responsabilidad y confianza puedan cubrirse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública.*
*3. El órgano competente para el nombramiento podrá recabar la intervención de especialistas que permitan apreciar la idoneidad de los candidatos.*
*4. Los titulares de los puestos de trabajo provistos por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública podrán ser cesados discrecionalmente. En caso de cese, se les deberá asignar un puesto de trabajo conforme al sistema de carrera profesional propio de cada Administración Pública y con las garantías inherentes de dicho sistema.*
Disposición transitoria octava. Aplicación del artículo 84.3.

De acuerdo con lo previsto en la disposición final cuarta, las previsiones contenidas en el *artículo 84.3 en relación con la forma de proceder en los supuestos de cese en puesto de libre designación, resultarán de aplicación en las Administraciones Públicas en las que se hayan aprobado la correspondiente ley de desarrollo.*

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, contempla no seu artigo 88:

*-Principios generales.*

*1. Los puestos de trabajo reservados al personal funcionario de carrera se proveerán de forma ordinaria por el procedimiento de concurso, ordinario o específico, o de libre designación con convocatoria pública, de acuerdo con lo que figure en la relación de puestos de trabajo y con respeto a los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.*

*2. Las convocatorias para proveer puestos de trabajo por el procedimiento de concurso, ordinario o específico, o de libre designación, así como las respectivas resoluciones, han de ser hechas públicas en el diario oficial correspondiente por el órgano competente para efectuar las adjudicaciones de los puestos.*

Artículo 92. Libre designación con convocatoria pública.

*1. La libre designación con convocatoria pública consiste en la apreciación discrecional por el órgano competente de la idoneidad de los candidatos en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto.*

*2. Solamente pueden proveerse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública entre personal funcionario de carrera las vicesecretarías generales, las subdirecciones generales o equivalentes, las secretarías de altos cargos y, excepcionalmente, aquellos*

Concello de Vigo

*puestos de trabajo de especial responsabilidad o cualificación profesional que se determinen en las relaciones de puestos de trabajo.*
*Los puestos clasificados como de libre designación estarán sometidos a disponibilidad horaria en los términos que se establezcan reglamentariamente.*

*3. Las convocatorias para la provisión de puestos por libre designación incluirán los siguientes datos:*

*a) La identificación del puesto.*
*b) Los requisitos necesarios para participar en la convocatoria.*

*4. El órgano competente para la adjudicación de los puestos puede solicitar la intervención de especialistas que permitan apreciar la idoneidad de los candidatos.*

*5. En los supuestos de provisión por el procedimiento de libre designación de puestos de trabajo abiertos a personal funcionario docente en las relaciones de puestos de trabajo, cualquiera que sea el cuerpo al que pertenezca, o al cuerpo de inspectores al servicio de la Administración educativa, este personal tendrá derecho a reserva del puesto de trabajo docente o de la función inspectora de procedencia, siempre que lo haya ocupado con carácter definitivo.*

Artículo 93. Toma de posesión de los puestos de trabajo provistos por concurso o por libre designación.

*1. La toma de posesión de los puestos de trabajo provistos por concurso o por libre designación deberá producirse en el plazo que reglamentariamente se determine.*

*2. El personal funcionario de carrera que no tome posesión del puesto de trabajo adjudicado en el plazo establecido decaerá en los derechos que le pudiesen corresponder y, en su caso, será declarado en la situación de excedencia voluntaria por interés particular, en los términos que reglamentariamente se determinen.*

Artículo 95. Cese en los puestos de trabajo provistos por libre designación.

*1. El personal funcionario de carrera que accedió a su puesto de trabajo por el procedimiento de libre designación puede ser removido discrecionalmente.*

*2. La persona removida tiene derecho a que se le asigne un puesto de trabajo mediante el procedimiento de adscripción provisional previsto en el artículo 97 de la presente ley.*

- Lémbrase á xurisprudencia do Tribunal Supremo respecto á <u>necesidade de motivación dos nomeamentos e ceses por libre designación</u> con indicación dos méritos concretos que se consideren máis importantes e que leven a optar por un/ha determinado/a aspirante.

Así, Sentencia Tribunal Supremo nº 2382/2020 de 14/07/2020 establece *“En definitiva, la idoneidad para el puesto la aprecia libremente el órgano competente, juicio que debe ponerse en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto caracterizado por esa especial responsabilidad que justificó su clasificación como de libre designación y ese libre juicio de idoneidad es lo que integra la idea de confianza en que el designado realizará un buen desempeño del puesto. En todo caso, el ejercicio de tal potestad discrecional queda sujeta al deber general de motivar, conforme al artículo 35.1.i) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas”.*

«*La motivación es adecuada si son bien visibles las razones, los criterios esenciales o fundamentales, por los que ha sido preferido un candidato frente a otros, razones reconducibles a mérito y capacidad. Para tal fin deben identificarse los méritos considerados como prioritarios para decidir la preferencia determinante del nombramiento*» (STS 1198/2019)

Reprodúcese igualmente o Fundamento de dereito terceiro da Sentencia Tribunal Supremo 2232/2021, Sala do Contencioso de data 31/05/2021, nº de Recurso: 1703/2019; sentenza que lembra a necesidade de motivación do nomeamento e do cese nos procedementos de libre designación e que a súa vez se remite aos parámetros da Sentenza do Tribunal Supremo 1198/2019, de 19 de septembro de 2019 (Rec.2740/2017).

***(...) TERCERO****.- La motivación de los ceses de funcionarios en los puestos de libre designación Con carácter general, los actos administrativos que se dictan en el ejercicio de potestades discrecionales no están exentos de la exigencia de motivación, pues tal sujeción se impone por el artículo 35.1, letra i) de la Ley 39/2015, y antes por el artículo 54.1, letra f) de la Ley 30/1992. Es más, como señalamos, con carácter general, en nuestra Sentencia de 3 de julio de 2015 (recurso de casación n.º 2941/2013), esta exigencia de la motivación ha ser más intensa precisamente en los actos de carácter discrecional, pues esa libertad de apreciación y, en su caso, de decisión, que comporta el ejercicio de potestades discrecionales, conlleva que deban ser explicadas las razones por las que se adopta una decisión y no otra. En relación con el cese de los puestos cubiertos por el sistema de libre designación, los contornos de la motivación superan la tenue exigencia que impone el artículo 58.1 del Reglamento General de ingreso de personal al servicio de la Administración General del Estado de 1995, para los funcionarios nombrados por dicho sistema, cuando señala que " podrán ser cesados con carácter discrecional", y que "la motivación de esta resolución se referirá a la competencia para adoptarla".*

*Recordemos, a estos efectos, que, como reiteradamente ha expuesto nuestra jurisprudencia en Sentencia de 29 de septiembre de 2006 (recurso contencioso administrativo n.º 155/2003), y las allí citadas de fecha 10 y 11 de enero de 1997 o 17 de diciembre de 2002, entre otras, de la Sala Tercera, Sección Séptima, el nombramiento y cese de cargos de libre designación constituye un acto administrativo singular y específico dentro de la categoría general de los actos discrecionales, cuya singularidad radica en que tales nombramientos se*

*basan en la existencia de un motivo de confianza que la autoridad facultada para la designación ha de tener en la persona seleccionada, relación de confianza que sólo puede apreciar esa misma autoridad que verifica el nombramiento, y acuerda el cese. Ahora bien, nuestra reciente jurisprudencia, por todas, Sentencias de 19 de septiembre de 2019 (recurso de casación n.º 2740/2017) y de 15 de noviembre de 2019 (recurso de casación nº.1 42/2018), han venido distinguiendo, a tenor de los artículos 23.2 y 103, apartados 1 y 3, de la Constitución, del artículo 58.1 del Reglamento General de ingreso de personal al servicio de la Administración General del Estado, de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para la reforma de la Función Pública (en adelante, Ley 30/1984), del Estatuto Básico del Empleado Público, tanto el aprobado por Ley 7/2007, de 12 de abril, como el vigente texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, entre el cese de aquellos que eran funcionarios de carrera y tenían un puesto funcionarial al que accedieron mediante el sistema de "libre designación", de aquellos otros relativos al personal eventual. Recordemos que, según el EBEP, es personal eventual el que, en virtud de nombramiento y con carácter no permanente, sólo realiza funciones expresamente calificadas como de confianza o asesoramiento especial. De manera que en las expresadas sentencias de 19 de septiembre y 15 de noviembre 2019 declaramos lo siguiente:*

*1º Son estatutos distintos la libre designación del empleado público que es funcionario de carrera para ocupar un puesto funcionarial así clasificado, de la libre designación del personal eventual [cf. 8.2.a) y d) en relación con el artículo 12 del EBEP]. Aún excepcional, en el primer caso constituye una forma de provisión de puestos de trabajo, en el que si bien hay un componente de confianza en el designado, tal confianza se basa en sus cualidades profesionales. Por el contrario, el personal eventual está llamado a desempeñar funciones de estricta confianza de la autoridad que le designa, en especial de asesoramiento, que puede libremente cesarle sin dar especial razón y eso sin olvidar que la suerte de ese funcionario eventual va ligada a la de quien le nombró.*

*2º Tratándose de la provisión de plazas funcionariales mediante libre designación, la discrecionalidad que preside su provisión se manifiesta ya en las relaciones de puestos de trabajo al clasificarse el puesto para ser cubierto mediante esa forma de provisión por razones de especial responsabilidad y confianza ( artículo 80.2 EBEP), opción ésta que debe quedar justificada atendiendo a la naturaleza de las funciones asociadas al puesto [cf. artículo 20.1.b) de la Ley 30/1984 en relación con el artículo 36.1 RGPPT].*

*3º El ejercicio de las potestades referidas a esta forma de provisión de plazas funcionariales está sujeto a los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad; a estos principios se añade el de publicidad por exigirse la oferta mediante convocatoria pública en la que consten los aspectos relacionados en el artículo 20.1.c) de la Ley 30/1984 ( artículos 78.1 y 80.1 del EBEP; artículo 52 del RGPPT).*

*4º La idoneidad para el puesto -luego también la no idoneidad para no ser nombrado- la aprecia libremente el órgano competente, juicio que debe ponerse en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto caracterizado por esa especial responsabilidad que justificó su clasificación como de libre designación y ese libre juicio de idoneidad es lo que integra la idea de confianza en que el designado realizará un buen desempeño del puesto. Para ese juicio de idoneidad cabe recabar la intervención de especialistas ( artículo 80.3 del EBEP).*

*5º El ejercicio de tal potestad discrecional queda sujeta al deber general de motivar [ artículo 54.1.f) de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común; y artículo 35.1.i) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*
*6º El titular del puesto de trabajo provisto mediante libre designación mediante convocatoria pública puede ser cesado discrecionalmente ( artículo 80.4 del EBEP), en cuyo caso la regla general de motivación se concreta en el RGPPT al prever su artículo 58.1, párrafo segundo, que "la motivación de esta resolución se referirá a la competencia para adoptarla". La motivación, por tanto, de los actos dictados en el ejercicio de potestades discrecionales ha de ser expresa, clara y comprensible, señalando las razones por las que debe ser cesado quien ocupaba un puesto como funcionario nombrado por el sistema de libre designación. Esta motivación se basa en una interpretación normativa, de los artículos 35.1.i) de la Ley 39/2015, y 58.1 del citado Reglamento General de ingreso de personal al servicio de la Administración General del Estado, que pretende evitar eventuales zonas de indefensión, y proscribir cualquier forma de arbitrariedad en la actuación administrativa. De manera que los titulares de los puestos de trabajo provistos por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública puedan " ser cesados discrecionalmente" (artículo 80.4 del EBEP), sabiendo las razones de dicha decisión administrativa. (...)*

**IV.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA DE ACORDO.**

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no R.D Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local; dado que, resulta susceptible de xerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, polo cal o presente expediente electrónico será sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal. O artigo 214 R.D Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que:

Ámbito de aplicación e modalidades de exercicio da función interventora.

*1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*
*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*
*a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
*b) La intervención formal de la ordenación del pago.*

*c) La intervención material del pago.*
*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.*

**V.- PROCEDEMENTO.**

O procedemento de desenvolvemento do procedemento de libre designación rexerase polo establecido nas bases da convocatoria e no marco normativo de aplicación relacionado nos Fundamentos Xurídicos da presente proposta.

**VI.- COMPETENCIA.**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación é planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegacións competenciais contidas en Decretos da Excma. Alcaldía de resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023) e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO**. Aprobar as Bases reitoras que se incorporan como Anexo I e que forman parte inseparable do presente acordo, para a provisión do posto de traballo "Xefe/a Servizo Administración Electrónica", mediante o sistema de libre designación.

**SEGUNDO**.- Aprobar a convocatoria do posto "Xefe/a Servizo Administración Electrónica", mediante o procedemento de libre designación.

**TERCEIRO**.- Ordenar a publicación da convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da publicación

de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REITORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN DO POSTO "XEFE/A SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA"

**Primeira.- Obxecto da Convocatoria.**

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación do posto de traballo Xefe/a Servizo Administración Electrónica.

**Segunda.- Características do posto de traballo.**

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, aprobada mediante Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16/03/2023 (expte.40934/220), elevado a definitivo e publicado no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra, nº 93, de data 16/05/23, e dispoñible no Portal de Transparencia da web municipal, sendo as súas características as seguintes:

- Denominación do posto: "Xefe/a Servizo Administración Electrónica".
- Servizo no que se adscribe: Administración Electrónica
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 1130101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Técnica Superior
- Grupo: A. subgrupo: A1
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico: 625
- Complemento específico anual: 34.198,22 euros
- Forma de provisión: Libre designación
- Titulación: 9-14-44
- Formación específica: Informática.

Respecto ás funcións asociadas, exercerá as funcións do posto tipo "Xefe/a de Servizo " da guía de funcións do Concello de Vigo, https://transparencia.vigo.org/?id_file=817&lang=es&file=, igualmente dispoñible no Portal de Transparencia da web municipal https://transparencia.vigo.org/

**Terceira.- Requisitos de participación.**

Poderán concorrer á convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo do grupo A, subgrupo A1 da Escala de Administración Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás da suspensión de funciones, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias.

b) Estar en posesión da titulación requirida.- titulación do seguinte grupo de titulación determinado na RPT:

1.- Grao ou equivalente

9.- Grao en física ou equivalente.
14.- Grao en matemáticas ou equivalente.
44.- Enxeñeiro ou equivalente.

Todos los requisitos deberán posuírse na data da finalización do prazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

**Cuarta.- Presentación de solicitudes e documentación.**

As solicitudes se dirixirán ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor.
- Currículum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes.
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.

- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos no rexistro electrónico do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, contados a partir del seguinte al de la publicación de esta convocatoria en el «Boletín Oficial del Estado».

**Quinta.- Resolución da convocatoria.**

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo dun mes contados dende a finalización da presentación de solicitudes, en virtude do establecido no artigo 56 del Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración General del Estado.

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario. As presentes bases se adaptan ás previsións do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión do 15 de setembro de 2021.

A persoa así nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

**Sexta.- Toma de posesión.**

O prazo para tomar posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia do persoal funcionario, ou dun mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo.

Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.
O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponde.

**Sétima.- Publicidade.**

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello. Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE). A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

**Oitava.- Recursos.**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**7(646).- PRÓRROGA DO "PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN INTERNA E MELLORA DA XESTIÓN DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN". EXPTE. 42574/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 26/07/2023, dáse conta do iforme-proposta de data 14/07/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2020, acordou aprobar o "Programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación" e o nomeamento interino dun/unha técnico/a de Administración Xeral, un/unha técnico/a de Xestión e un/unha administrativo/a de Administración Xeral, por execución do dito programa (expediente electrónico 36.657/220).

**II.**- Os nomeamentos asociados á execución do programa temporal foron realizados ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, finalizando en todo caso o 30/11/2023**,** data na que remata o programa, xustificado nas necesidades que constan no "programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación".

**III.-** En data de sinatura electrónica a xefatura da Área de RRHH e Formación coa conformidade da concelleira-delegada competente en materia de persoal, solicita en base a xustificación que obra no expediente a prórroga do "Programa de mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación", por un período de 12 meses adicionais aos da súa vixencia actual e dos nomeamentos interinos vinculados ao referido programa.

**IV.-** En base a concellería competente ordena *"Incoar expediente administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación para o sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local da prórroga por doce meses do Programa temporal "*Programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación"".

**V.-** Consta no expediente informe de cuantificación económica da prórroga do "Programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación" ata o 30/11/2024.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Lexislación aplicable**

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

"*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustixa de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"***FD CUARTO.-***

*(….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas:* ***1º)*** *cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez he-*

*cha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública."* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:
*"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

**II.- Xustificación da urxencia e prórroga do "Programa de mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación".**

Segundo consta na solicitude recibida referida nos antecedentes de este informe resulta precisa a prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis, literalmente *".... No momento actual, atópanse en execución actuacións estratéxicas no marco do* ***Ámbito de mellora 5-*** *dixitalización e simplificación dos procesos selectivos para a execución das ofertas de emprego público e das convocatorias de persoal interino ou temporal, así como da xestión ds listas de reserva, a fin de proporcionar solucións eficaces e áxiles ás necesidades dos servizos no marco da plena observancia ao marco normativo vixente en materia de acceso ao emprego público; do* ***Ámbito de mellora 7,*** *en concreto os procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en execución de sentenza, así como dos postos de traballo encadrados nos subgrupos C1, C2 e AP; restando tamén por implementar actuacións no ámbito* ***Ámbito de mellora 8-*** *modernización da xestión interna na posta en marcha dos plans de formación anuais consonte a sistemas normalizados e dixitalizados, e no* ***Ámbito de mellora 9-*** *estandarización de procesos simples, tales como a tramitación e notificación de certificados de empresa solicitados polo persoal, a práctica das notificacións electrónicas dos actos e acordos administrativos; as reasignacións, readscripcións e traslados de efectivos; o dilixenciado dixital de expedientes administrativos para o seu envío aos servizos xurídicos, ou a emisión de informes técnicos de carácter ordinario e carentes de especial complexidade, entre outros.*

*Por tales razóns, derivadas do estricto cumprimento de obrigas normativas e do servizo aos intereses xerais, resulta necesaria a prórroga do programa actualmente operativo, debendo indicar que a falta de dispoñibilidade de efectivos da categoría profesional asociada aos técnicos medios de servizos económicos ten impedido as actuacións correspondentes ao* ***Ámbito de mellora 4-*** *modernización e dixitalización do control e xestión económicas dos créditos contemplados no Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais*."·

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), <u>a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c)</u> e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaoito meses (apartado d).
Consecuencia da prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga dos nomeamentos interinos solicitados, vinculados ao programa.
Nestes momentos:

- B. Ugarte. Santero García, con DNI: ***3962**
- A. Lago Portela, con DNI: ***876**
- I. Alvarez Nión, con DNI: ***4945*

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate da prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 30/11/2024.

Polo tanto o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

Concello de Vigo

**IV.- Proposta de gasto**:

Segundo consta no informe de cuantificación económica de 06/07/2023

**CADRO RESUMO CUSTE PRORROGA (01/12/2023 A 30/11/2024)**
**PARA OS 3 EFECTIVOS PROPOSTOS**

| CUSTE TOTAL | Aplic.Orzam. | 2023 | 2024* | TOTAL (01/12/23-30/11/24) |
|---|---|---|---|---|
| Retribucións totais | 9200.1400000 | 10.125,13 € | 112.649,71€ | **122.774,84 €** |
| Seguridade Social | 9200.1600099 | 3.366,60 € | 37.456,03 € | **40.822,63 €** |
| **TOTAIS 3 POSTOS** | | *13.491,73 €* | *150.105,74 €* | **163.597,47 €** |

** Estimación para o ano 2024, contando cun incremento no 2% nos conceptos retributivos e de seguridade social.*

*En conclusión, tendo en conta que o presente expediente supón un compromiso de gasto para exercicios futuros (2024) e, aos efectos de que os compromisos adquiridos para os exercicios futuros non comprometan a estabilidade orzamentaria, emítese o presente informe sen prexuízo da existencia da fiscalización previa que deberá pronunciarse sobre os aspectos obxecto deste informe técnico en exercicio das funcións reservadas ao mesmo.*

**V.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"*1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

> *a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
> *b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
> *c) La intervención material del pago.*
> *d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.*"

**VI.- Competencia:**
De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da con-

celleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2023, 20/06/2023, 28/06/2023 e 22/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

**I.-** Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 30/11/2024), o "Programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación", aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26/11/2020 (Expte. 36657/220) e os nomeamentos do persoal funcionario interino nomeado para a execución do mesmo:

- B. Ugarte. Santero García, con DNI: ***3962**
- A. Lago Portela, con DNI: ***876**
- I. Alvarez Nión, con DNI: ***4945*

A referida prórroga dos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (30/11/2024) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: técnico/a de Administración Xeral (posto código 46), técnico/a de Xestión (posto código 179), administrativo/a de Administración Xeral (posto código 105).

**II.-** Autorizar o gasto total da prórroga do programa referido (01/12/2023 a 30/11/2024) e dos nomeamentos interinos vinculados ao mesmo: 163.597,47 € dos que 122.774,84 € corresponden a retribucións e 40.822,63 € a custes de seguridade social.
Todo elo con cargo á aplicación orzamentaria 9200.1400000 do orzamento dos exercicios económicos 2023 e 2024 no que respecta a custes retributivos, e a partida 9200.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

**III.-** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, á Xefatura de Área de RRHH e Formación, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación a Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.
Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(647).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DE UN POLICÍA LOCAL. EXPTE. 41736/220.**
Visto o informe de fiscalización de data 27/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/07/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I**. Por acordo de Xunta de Goberno local de data 03/05/2022, foi nomeada entre outros aspirantes como **funcionaria en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **POLICÍA LOCAL**, a seguinte aspirante proposta polo Órgano de Selección:

| NÚMERO | APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|---|
| 27 | VILLAPOL MANSILLA | P. | ***3054** |

**II.-** Os puntos segundo e terceiro do referido acordo dispoñían: "***SEGUNDO***.- *De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados como funcionarios en practicas, percibindo en tanto realiza o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lle correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.*

***TERCEIRO***.- *Os/as aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios/as en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios/as de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia."*

**III.-** O día 21/03/2022 publicouse no DOG resolución do 11/03/2022 que convocaba o curso selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos da policía local.

**IV.-** En data 16/02/2023, a AGASP comunica informe no que consta que entre outros, a Sra. Villapol Mansilla P., superaron o período de prácticas no seu concello, de acordo co informe entregado á Academia, pero non acadaron a cualificación de apto no curso teórico realizado na AGASP. No mesmo informe conclúe: "*Tendo en conta as avaliacións actitudinais presentadas polo profesorado, titoría e xefatura de estudios, acordouse que os alumnos referenciados con anterioridade dese concello deben repetir unha parte do próximo curso selectivo que se convoque, na que se lle fará un seguimento especial e valoración actitudinal aos efectos de poder emitir informe definitivo de procedencia ou non sobre a superación do curso.*

*Ademais solicítase a ese concello a constitución dunha comisión de seguimento en relación a estes alumnos e se nomee a dúas persoas para facer un seguimento individualizado, así como para informar tanto aos alumnos referidos, como ao concello de sucesos, situacións e informes concretos, polos que se chegou a decisión de non valorar positivamente a súa capacidade actitudional no traballo a desenvolver., e solicítase asimesmo que continúen*

*como funcionarios en prácticas e sexan de novo avaliados por ese concello, certificando ou non a súa superación.*"

**V.-** En data 19/07/2023 recíbese da AGASP informe final bis: superación curso selectivo 14 promoción Policía Local. P. Villapol Mansilla, no que conclúe que *" Certifico que Dª P. Villapol Mansilla, con DNI nº ***3054**, superou o curso selectivo de o acceso a categoría de policía, dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución de 11 de marzo de 2022"*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

### I.- Normativa de aplicación

**A**) -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

> "*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la*

*que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública."* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.........) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

**B***)* No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policías locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.

O artigo 16 do referido Decreto, dispón que: "*1. La superación del curso selectivo resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría correspondiente. Sólo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hubieran superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública y los funcionarios que accediesen por movilidad desde la misma categoría desde otros cuerpos de policía local.*
*2. En el caso de la no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales, se considerará que el aspirante no superó el proceso selectivo.*
*3. El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la academia, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos conseguidos en el proceso selectivo.*"

**C)** Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.
O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente"*, establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

a) Superación del proceso selectivo.

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria."

Os prazos establecidos para a toma de posesión contémplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluidas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación. No presente caso:

- De conformidade coa Bases da convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público 2017, 2018, 2019 (1ª fase), en concreto Base décimo sexta das Xerais da convocatoria (BOPPO 07/072020), o nomeamento como funcionarios/as de carreira dos policías locais, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia."
- Por outra banda, a Base Décimo Cuarta das referidas Bases dedicada ao Período de Prácticas e Cursos Selectivos, indica: "*Por resolución motivada do órgano que convoca os/as aspirantes que non superen o período de prácticas ou curso selectivo, de acordo co procedemento de cualificación previsto na convocatoria, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados/as funcionarios/as de carreira.*

  *Poderán incorporarse, en todo caso, ao curso inmediatamente seguinte que se realice coa puntuación asignada ao último dos participantes naquel. De non superalo tampouco, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados funcionarios de carreira.*

**D)** No presente caso, a AGASP comunica ao Concello de Vigo en data 19/07/2023 informe final bis: superación curso selectivo 14 promoción Policía Local. P. Villapol Mansilla, no que conclúe que *" Certifico que Dª P. Villapol Mansilla, con DNI nº ***3054**, superou o curso selectivo de o acceso a categoría de policía, dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución de 11 de marzo de 2022"*

**II.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que

se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
b) La intervención formal de la ordenación del pago.
c) La intervención material del pago.
d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."

**IV.- Órgano municipal competente.**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería competente en materia de persoal nos termos das delegacións competenciais Decretos da Excma. Alcaldía de data 19/06/2023 e 20/06/2023 e Acordo da XGL de data 22/06/2023.

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO:** Nomear **funcionaria de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2017, 2018, 2019, a seguinte funcionaria en prácticas, nomeada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 03/05/2022, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria:

| NÚMERO | APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|---|
| 27 | VILLAPOL MANSILLA | P. | ***3054** |

**SEGUNDO**.- A aspirante nomeada deberá tomar posesión da súa praza como funcionaria de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

**TERCEIRO**.- Notificar o presente acordo á interesada, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Policía Local, a AGASP, e así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**CUARTO**: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(648).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA "SOCIEDADE CIDADE UNIVERSITARIA, SA ". EXPTE. 993/1102.**

Dáse conta da proposta de data 24/07/2023, asinada pola secretaria de Gobero local e polo alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o día 28 de xullo de 1999 adoptou, entre outros o acordo de "Participación do Concello na Sociedade "Cidade Universitaria, SA", promovida pola Universidade de Vigo.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro**.- Designar ao Concelleiro Delegado de Estudos e Análise Económico. D. Abel Losada Álvarez representante do Concello de Vigo no Consello de Administración da sociedade Cidade Universitaria, S.A.

**Segundo**.- Comunicar este acordo a Sociedade "Cidade Universitaria, SA" aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

**Terceiro.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Cuarto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(649).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO NA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO. EXPTE. 1525/1102**.
Dáse conta da proposta de data 01/08/2023, asinada pola secretaria de Gobero local e polo alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

A Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo foi constituída en escritura pública de data 28 de maio de 2003, autorizada polo notario de Vigo, Antonio A. Salgueiro Armada, co número 1.854 de orde do seu protocolo. Por Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 26 de outubro de 2017, ratificouse o acordo de extinción da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (Faimevi) y se dispuxo a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Daquela, a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo entrou en fase de liquidación, pasando a desempeñar o Padroado as funcións de órgano liquidador.

De acordo co artigo 16 dos Estatutos da Fundación, actualmente todavía en liquidación, corresponde ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a Presidencia do Padroado e unha das vogalías do Padroado ao Concello de Vigo, que debera designar persoa física que o represente.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) e conforme o sinalado no informe da Área de Fomento e Servizos, esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro**.- Designar representante do Concello de Vigo no padroado da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo ao Segundo Tenente Alcalde e Concelleiro de Área de Goberno e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira.

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

**Terceiro.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Cuarto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(650).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL, FASE 1B (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)". EXPTE. 1670/441.**

Visto o informe xurídico de data 21/07/2023 e o informe de fiscalización do 01/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/06/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 06.02.2023, autorizou o contrato menor e o gasto para a redacción dos proxectos de recuperación do sistema dunar na Praia de Samil, Fase 1.A. e Fase 1.B., (entre concesión administrativa Camaleón e Punta de Samil) no Concello de Vigo a favor da empresa INCAT Infraestructuras, S.A.

**II.-** Pola empresa INCAT INFRAESTRUCTURAS, S.A, presenta, trala fase de supervisión e informes proxecto de "RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL, FASE I (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)", redactado polo equipo multidisciplinar formado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez, a Arquitecta Dna. Mª Elena Santoro Prieto e o Enxeñeiro Civil D. Anxo Rodríguez Ramos.

**III.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 7 de marzo de 2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 7 e 8 de marzo

de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9 de marzo de 2023 aprobou o proxecto "RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL FASE 1B (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez, pola Arquitecta Mª Elena Santoro Prieto e polo Enxeñeiro Civil D. Anxo Rodríguez Ramos, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS UN MIL VINTE E UN EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (1.801.021,18 €), de data febreiro de 2023 e asinado dixitalmente en data 14 de febreiro de 2023. (Expte. 5912-443).

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 09.03.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5.7912-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez, pola Arquitecta Mª Elena Santoro Prieto e polo Enxeñeiro Civil D. Anxo Rodríguez Ramos.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 29 e 30 de marzo de 2023.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30 de marzo de 2023.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 03 e 04 de abril de 2023.

E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 12.04.2023.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 18.05.2023.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 16.05.2023.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 06.06.2023.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 06.06.2023.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 07.03.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL FASE 1B (ENTRE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA CAMALEÓN E PUNTA DE SAMIL)" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez, pola Arquitecta Mª Elena Santoro Prieto e polo Enxeñeiro Civil D. Anxo Rodríguez Ramos.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 06.06.2023.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN OITOCENTOS UN MIL VINTE E UN EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (1.801.021,18 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 312.573,92 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1721.609.00.10 (RECUPERACIÓN DUNAS SAMIL, 1o FASE, P.PUNTA-CAMA), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2023 | 1.801.021,18 € |

**Cuarto.-**Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**<u>ACORDO</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(651).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN PARCIAL TEMPORAL DO DESCANSO OBRIGATORIO DOS TAXIS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4316/449.**
Dáse conta do informe-proposta de data 27/07/2023, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**
Por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010 aprobouse a disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector do taxi fixándose o descanso de 92 taxis por dia de forma rotatoria de luns a domingo de 00,00 a 24,00 horas por un período de proba de tres meses. Dita medida é provocada polo situación de crise e diminución de traballo do sector.
Por acordo plenario de data 31 de xaneiro de 2011 foi aprobada a prorroga do descanso obrigatorio dos taxis da cidade, aprobado inicialmente por un período de tres meses e nas mesmas condicións, acordo que se mantén en vigor até a data.

**SOLICITUDES :**
Na data 13 de xullo de 2023 D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA ( C.I.F. G-36636637), e en representación da mesma, expón:

> “Que es responsabilidad de nuestro colectivo garantizar una adecuada prestación del servicio de taxi en cuanto a cantidad y calidad.
>
> Que para los días 11,12 y 13 de agosto con motivo de la celebración en nuestra ciudad del Marisquiño 2023, se preveé un importante aumento de la demanda de nuestros servicios, unido al resto de fiestas, eventos, turismo, etc.
>
> Por tal motivo, y a fin de solucionar y anticiparnos a que la oferta de servicio sea inferior a la demanda, proponemos que con carácter provisional se suspenda el descanso obligatorio los días 11,12 y 13 de agosto coincidiendo con el Marisquiño 2023.”

**INFORME :**
Nos últimos anos e dende a pandemia produxeronse importantes variacións en relación coa demanda do servizo de taxis na cidade, pasando dunha escasa demanda durante os anos 2020 e 2021, a un incremento da demanda durante o ano 2022 .

Esta demanda aumentou notablemente nas festas de Nadal, polo que foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso até o 15 de xaneiro en horario nocturno, sen que se apreciase exceso na oferta; durante os día 31 de marzo e 1 e 2 de abril datas coincidentes coa celebración da festa da Reconquista, tamén se produzo un importante incremento da demanda, datas nas que foron presentadas denuncias pola falta de servizo, especialmente en horario nocturno e durante as cales non foi suspendido o descanso obrigatorio dos taxis.

En relación coa época estival na que estamos, e ante o previsible incremento da demanda do servizo de taxis superior a oferta, especialmente no horario nocturno, debido a que se trata dun período de vacacións no cal se incrementa o ocio nocturno, xa que proliferan as festas populares, concertos, e demais eventos programados, como o Marisquiño que no presente ano celebrarase en gran parte na praia de Samil, e atendendo a solicitude formulada polas asociacións representativas do sector de autopatronos do taxi, na Xunta de Goberno Local de data 30 de xuño de 2023 adoptouse o seguinte Acordo:

> "Autorizar a suspensión con carácter parcial e temporal, solicitada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, na data 14 de xuño de 2023 e pola Asociación Élite Taxi Vigo, na data 15 de xuño de 2023, do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, e no período comprendido entre o dia seguinte da data de aprobación e notificación deste acordo ás asociación representativas do sector, e até o 3 de setembro de 2023 incluído, ao obxecto de que poida satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Posteriormente a solicitude de suspensión do descanso obrigatorio do taxis da cidade durante os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023 debido a celebración do Marisquiño, na data 14 de xullo de 2023 foi convocada polo comité de empresa de Vitrasa unha folga de 24 horas durante os días 12 e 13 de agosto de 2023, datas coincidentes coa celebración do Marisquiño, que na edición deste ano, traslada a maioría das probas a praia de Samil, polo que pode preverse que a demanda de trasporte publico se verá incrementada con respecto as anteriores edicións nas que a maioría das probas se celebraban no centro da cidade, e non había folga no transporte colectivo urbano de viaxeiros polo que se considera procedente incrementar a oferta do servizo de taxis ; y se considera que se debería incrementar aos catro días de celebración do citado evento, e dicir do día 10 ao 13 de agosto, a fin de garantir o servizo durante a totalidade das datas de celebración, proposta a que prestan a conformidade os solicitantes.
Ante o previsible incremento da demanda, o Concello ten a obriga de garantir a cantidade e calidade do servizo de taxi, polo que se considera que procede adoptar medidas por parte do servizo de transportes, a fin de garantir que

durante as 24 horas do día o servizo sexa suficiente para satisfacer a demanda, e evitar que esta sexa superior á oferta, cos prexuízos que poderían derivarse para os usuarios de transporte publico da cidade.

Polo exposto, por parte de este servizo proponse informar favorablemente ao amparo da regulación legal recollida no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a solicitude formulada pola "Asociación provincial de Autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra", na data 13 de xullo de 2023, e acordar a suspensión parcial temporal, do descanso obrigatorio do servizo de taxi da cidade, durante os días 10 ao 13 de agosto de 2023, ambos inclusive, en horario diúrno( xa que no horario nocturno xa foi acordado) a fin de poder satisfacer o previsible aumento da demanda derivada da celebración do Marisquiño na praia de Samil, e a coincidencia coas mesmas da convocatoria de folga de 24 horas, do comité de empresa de Vitrasa para os días 12 e 13 de agosto do presente ano

**RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN :**

De conformidade co disposto no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na data 9 de febreiro de 2015, e modificada nas datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022: “Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución ou incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser á solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa, dunha maioría absoluta das licenzas de taxi existentes.
De conformidade co disposto na vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, no seu artigo 4 apartado b establece que:) a competencia para a aprobación das disposicións complementarias de prestación do servizo corresponde a Xunta de Goberno Local, polo que considerando que o descanso obrigatorio para o sector do taxi, foi aprobado por unha disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo, considerase que no presente caso, por tratarse dunha suspensión parcial e temporal do contido da mesma,corresponde adoptar o Acordo ao mesmo órgano que ten a competencia para a súa aprobación .

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

**ACORDO**

Autorizar a suspensión con carácter parcial e temporal, solicitada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, na data 13 de xullo de 2023 do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, no horario comprendido entre as 08:00 horas e as 22 horas nos días 10, 11,12, e 13 de agosto de 2023 ao obxecto de que poida satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DE AXUDA NO MARCO DO PRTR”. Expte. 1709/441.**

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**13(652).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DE AXUDA NO MARCO DO PRTR". Expte. 1709/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o Informe xurídico de data 04/07/2023 e o informe de fiscalización do 03/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/2023, asinado pola técnica de Xestión, ao técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 27 de abril de 2022 resolveu autorizar o gasto para a redacción da adecuación do proxecto de reforma do Mercado de Teis á liña da axuda no marco do PRTR, a favor da empresa Proyegal Ingeniería S.L (B36533438).

**II.-** A mercantil Proyegal Ingeniería S.L.,presentou o proxecto construtivo de "ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DO MARCO NO PRTR", redactado pola Arquitecta Técnica Rebeca Galiñanes Fernández.

**III.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 18 de abril de 2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 18 e 27 de abril de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11 de maio de 2023 aprobou o proxecto de"ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA NO MARCO DO PRTR", redactado pola Arquitecta Técnica Rebeca Galiñanes Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS SETENTA E UN MIL CINCUENTA E OITO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.471.058,46 EUROS) de data marzo de 2023. (Expte. 5996-443).

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 11.05.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5996-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Arquitecta Técnica Rebeca Galiñanes Fernández.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Xefe da Área de Investimentos de data 11 de maio de 2023.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos data data 11 de maio de 2023.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de maio 2023.

E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 16 de maio de 2023.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada pola Enxeñeira Industrial Municipal en data 24 de maio de 2023.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 8 e 9 de xuño de 2023.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de xuño de 2023.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de xuño de 2023.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 18/04/2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DO MARCO NO PRTR"**, redactado pola Arquitecta Técnica Rebeca Galiñanes Fernández.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de xuño de 2023.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN CATROCENTOS SETENTA E UN MIL CINCUENTA E OITO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.471.058,46 EUROS)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 255.307,67 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 4312.632.0000 (P/REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DE AXUDA NO MARCO DO PRTR), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2023 | 1.320.427,20 € |
| 2024 | 150.631,26 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(653).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez